

CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS A PRESIDENTE PROVINCIAL DA FGC OURENSE

DON ANTONIO GARCÍA REINOSO, con DNI 34962987C, en virtude do establecido no apartado 2º do Regulamento Interno para a Elección de Presidentes/as Provinciais da Federación Galega de Caza, e dando cumprimento ao acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria da FGC OURENSE celebrada con data 21 de novembro de 2025,

DISPOÑO:

Que, con data de hoxe, 24 de novembro de 2025, se proceda a publicar no taboleiro de anuncios da sede provincial da FGC Ourense, así como na páxina web www.federaciongalegadecaza.com, a presente convocatoria de eleccións a Presidente/a Provincial, xunto coa seguinte documentación e información:

1. **REGULAMENTO INTERNO PARA A ELECCIÓN DE PRESIDENTES/AS PROVINCIAIS**, aprobado pola Xunta Directiva da FGC con data 8-10-2021 e depositado na Secretaría Xeral para o Deporte con data 21-10-21.
2. **CALENDARIO ELECTORAL**, aprobado pola asemblea xeral da FGC Ourense de data 21-11-25.
3. **CENSO ELECTORAL**, distribuído por estamentos.
4. **XUNTA ELECTORAL**: composición, sede, horarios e remisión da documentación:

. Composición:

A xunta electoral, elixida pola asemblea xeral extraordinaria da FGC Ourense de data 21-11-25, intégrana as seguintes persoas:

TITULARES	SUPLENTES
JAIME LOSADA RODRIGUEZ	RUBEN MARTINEZ BUGALLO
ANTONIO VAZQUEZ BALADO	CESAR RODRIGUEZ ALVAREZ
ORESTES GONZALEZ GONZALEZ	CAMILO PACIOS VISO

. Sede:

A sede da xunta electoral queda establecida nos locais da Federación Galega de Caza en Ourense, sita no Estadio de O Couto, Rúa Carlos Maside s/n – 32002 OURENSE, Tfno. 988221620, Email: ourense@caza.gal

. Horarios:

Os días e horarios hábiles que rexen para a entrega de documentación (recursos, impugnacións, candidaturas, etc.) son os seguintes:

De Luns a Xoves: De 09:00 a 14:00 horas, e de 16:00 a 19:00 horas. Venres: De 09:00 a 14:00 horas.
Os sábados, domingos e festivos de carácter nacional, autonómico ou local son inhábiles.

. Forma de remisión da documentación.

A presentación de calquera tipo de escrito ou documentación referente ao proceso electoral deberá facerse de xeito presencial no Rexistro da Federación Galega de Caza en Ourense, dentro dos horarios anteriormente sinalados, debendo facerse constar o enderezo de correo electrónico do remitente a efectos de posibles notificacións.

5. **MESA ELECTORAL**, a mesa electoral elixida pola asemblea xeral extraordinaria da FGC Ourense de data 21-11-25, intégrana as seguintes persoas:

TITULARES	SUPLENTES
MANUEL MARRA DABOUZA	IVAN RODRIGUEZ DELGADO
CARLOS PENEDO RODRIGUEZ	DAVID PEREZ ALVAREZ
DIEGO AMABLE ALVAREZ SANMIGUEL	MANUEL JUNCO FERNANDEZ

6. **COMISIÓN XESTORA**, con esta data queda transformada de oficio a Xunta Directiva en Comisión Xestora.

O PRESIDENTE PROVINCIAL,



Asdo.: Antonio García Reinoso